XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 19 DE OUTUBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cangas de Morrazo dunha franxa de dominio público viario (DPV) comprendida entre os puntos quilométricos 0+460 e 0+520, na marxe dereita da estrada PO-554.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA A XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural o Convento do Bon Xesús da Limia, situado en Trandeiras, municipio de Xinzo de Limia (Ourense).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Estrada para a recuperación da área recreativa da praia fluvial do río Liñares e reforma de edificación existente con destino a uso público, por un importe total de un millón cincocentos setenta e un mil douscentos setenta e oito euros con vinte e nove céntimos (1.571.278,29 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2026, por un importe total de un millón oitocentos sesenta e un mil seiscentos oitenta e sete euros con vinte céntimos (1.861.687,20 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2026, por un importe total tres millóns doce mil trescentos noventa e nove euros con catro céntimos (3.012.399,04 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVIGO) para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2026, por un importe total dous millóns trescentos vinte cinco mil cento cincuenta e sete euros con vinte céntimos (2.325.157,20 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3 no período 2026-2029, cofinanciado pola Unión Europea nun 60 % do gasto elixible a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, por un importe total de trece millóns cento vinte e dous mil novecentos sesenta e seis euros con noventa e tres céntimos (13.122.966,93 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2026, por un importe total de dous millóns oitocentos dez mil euros (2.810.000,00€), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención concedida.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2025.

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual establecidos na orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2025-1-ES01-KA121-VET-000332915, no curso 2026/27, por importe de seiscentos corenta e dous mil setecentos sesenta e oito euros (642.768,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERIA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de innovación empresarial 2026-2028.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. (Vipugal) a licitación das obras de construción dun edificio de 58 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela 5D sita nos Rosales, Concello da Coruña, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dez millóns seiscentos trinta e oito mil oitocentos noventa e dous euros con corenta e tres céntimos (10.638.892,43€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha de Sergas PROF co servizo de dermatoloxía para a captura e envío de imaxes dermatolóxicas, cun investimento de douscentos sete mil cincocentos noventa e nove euros con setenta céntimos (207.599,70 €).

- Acordo polo que se toma razón da ampliación do cribado de cancro de mama.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B ou C, competencia deste departamento, ou de formación no traballo do Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal correspondentes aos exercicios 2026 e 2027 por un importe total de dez millóns douscentos mil euros (10.200.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da sinatura da prórroga do convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e mergullo no ámbito da formación profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o trámite de información pública da proposta da oitava Reserva da Biosfera de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na AC-960. Boqueixón", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de novecentos cincuenta e un mil cincocentos cincuenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (951.558,85 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Estratexia Galega de Protección das Persoas Consumidoras e Usuarias 2026-2030.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o pagamento dos anticipos das axudas directas da política agraria común (PAC) 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO DUNHA FRANXA DE DOMINIO PÚBLICO VIARIO NA MARXE DEREITA DA PO-554

- Transfírense á entidade local 745m^2 de superficie da franxa da estrada autonómica
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o concello terá a competencia para actuar nesta franxa, e asumirá a súa conservación e mantemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cangas de Morrazo, do treito de 745 m^2 de superficie da franxa de dominio público viario da estrada autonómica PO-554, na súa marxe dereita, no lugar da Rúa.

Vistos os informes emitidos polos servizos competentes da Xunta, a Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade da citada franxa de dominio público viario, comprendida entre os puntos quilométricos 0+460 e o 0+520.

Así, a superficie de dominio público viario que se transfire correspóndese coa zona oeste dun aparcadoiro existente, pavimentado e sinalizado, que se atopa na mesma cota que a beirarrúa da PO-554. Este espazo ten acceso polo leste desde unha vía de titularidade municipal (rúa Camiño da Rúa) e o seu uso principal está vinculado ao CEIP A Rúa.

O cambio de titularidade desta superficie de DPV non supón a interrupción de ningún dos itinerarios dos cales forma parte a estrada PO-554, dado que o cambio de titularidade non afecta a súa continuidade, ao non incluír nin a calzada da estrada nin a súa beiravía.

A transferencia a prol do Concello de Cangas de Morrazo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este cambio de titularidade, o Concello de Cangas de Morrazo ten a competencia para actuar na súa totalidade e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Franxa de dominio público viario obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CONVENTO DO BON XESÚS DA LIMIA NA CATEGORÍA DE MONUMENTO

- Recoñécese así o valor arquitectónico, artístico e histórico desta edificación de principios do século XVI localizada no municipio ourensán de Xinzo de Limia
- Trátase dun conxunto que transcende o propio mosteiro e consta de igrexa, claustro, restos das dependencias conventuais e outras construcións auxiliares
- A protección abrangue, ademais, cinco retablos do templo dependente da Diocese de Ourense
- Con esta incorporación, elévanse a 805 os bens de interese cultural de Galicia

A Xunta declara ben de interese cultural na categoría de monumento o convento do Bon Xesús da Limia, unha edificación singular e senlleira localizada no lugar de Trandeiras, no municipio ourensán de Xinzo de Limia, polo seu valor arquitectónico, artístico e histórico. Así se deu a coñecer hoxe no Consello, onde se lle deu luz verde ao decreto que pecha un proceso de incoación iniciado en febreiro do 2025.

Deste xeito, o expediente elaborado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude recoñece o valor cultural sobranceiro dun mosteiro construído a principios do S. XVI, rexido no seu momento pola orde franciscana e cuxos restos son actualmente propiedade do concello. Trátase dun conxunto que inclúe o claustro, as dependencias conventuais, os muros perimetrais, diversas construcións auxiliares como son un forno, unha alvariza e varias infraestruturas hidráulicas, o bosque da contorna e a igrexa, en funcionamento para o culto relixioso e titularidade da Diocese de Ourense.

Ademais, a protección como ben de interese cultural abrangue varias pezas artísticas vencelladas ao templo. Trátase de cinco retablos de madeira de notable calidade artística: o retablo maior, o retablo da Asunción, o do Cristo dobre a pedra fría e o da Durmición de María.

Así, o conxunto constitúe todo un emblema histórico, sendo un dos lugares máis significativos da comarca da Limia e símbolo da transición entre o gótico tardío e un incipiente estilo renacentista, do cal en Galicia non hai unha gran representación. Neste senso, o valor arquitectónico do convento ponse de manifesto na súa monumentalidade, cun claustro en que se conservan parte das lousas do piso e os elementos pétreos do pórtico da galería da planta baixa, que constitúe tamén o seu elemento de maior valor artístico xunto coa portada da entrada e o arco triunfal do prebisterio da igrexa.

De feito, cómpre destacar que a igrexa goza dun bo estado de conservación, despois das obras de rehabilitación desenvolvidas nas últimas décadas. Mentres, ao redor do claustro permanecen parte dos muros exteriores orixinais e algúns interiores do que foron as dependencias conventuais. En canto ás construcións auxiliares, hai que resaltar o forno, que foi restaurado recentemente, e zonas con pías para o curtido de coiro atopadas nas últimas escavacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta declaración eleva a 805 o número de bens de interese cultural existentes en Galicia, despois da recente inclusión de seis moedas históricas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSARÁ A REFORMA DA ÁREA RECREATIVA DA PRAIA FLUVIAL DO RÍO LIÑARES, NA ESTRADA

- O convenio entre Turismo de Galicia e o concello incluirá un investimento de 400.000 euros do Goberno autonómico para reforzar os servizos turísticos
- Entre outras actuacións, melloraranse os accesos, así como as instalacións de electricidade e iluminación, crearanse vestiarios accesibles e acondicionarase a contorna

O Consello da Xunta autorizou a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello da Estrada para a recuperación da área recreativa da praia fluvial do Río Liñares, cun investimento de 400.000 euros.

En concreto, o proxecto permitirá mellorar as condicións actuais para o uso e goce da poboación e dos visitantes como espazo recreativo singular vinculado ao medio fluvial, localizado nun contorno natural próximo ao núcleo urbano da Estrada. Na actualidade é un espazo valado que alberga usos recreativos de acceso público vinculados ao medio fluvial, así como unha construción de planta baixa utilizada anteriormente como local da Asociación Deportiva Río Ulla. Algunhas das instalacións presentan problemas de conservación e mantemento, polo que é preciso levar a cabo esta actuación.

Entre os traballos que se van realizar inclúese a mellora do valado exterior nesta zona con creación de beirarrúa na fronte do recinto, o tratamento das vías existentes con acondicionamento mediante pavimento de terrizo para control de escoamentos, mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade entre as distintas zonas mediante a remodelación das vías de acceso desde a entrada principal, suavizando a pendente existente. Tamén se van crear novos camiños peonís e creación dun paseo fluvial mediante disposición dunha pasarela lineal de madeira elevada que bordee a carballeira existente. Ademais, entre outras cuestións, está prevista a creación dun espazo aberto para actividades sociais e culturais, con capacidade para acoller un elemento central que poida funcionar como escenario para actuacións musicais e doutras actividades ou como mesa comunitaria da área recreativa.

Con esta actuación preténdese potenciar un espazo do concello, favorecendo o uso e goce do contorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura. O orzamento total da actuación é de 1,5M€, dos cales a Axencia Turismo de Galicia achegará 400.000 euros nos anos 2026 e 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 20 M€ ÁS UNIVERSIDADES PARA REFORZAR O EQUIPAMENTO DE INVESTIGACIÓN E PARA O NOVO EDIFICIO DA INDUSTRIA INTELIXENTE DE FERROL

- O Consello autoriza os convenios para transferir 13M€ á Universidade da Coruña, dotando a cidade dun polo de innovación en materia de enxeñaría industrial e naval, eidos nos que está especializado o Campus
- Tamén se aprobou unha inxección de 7,2 M€ para achegar ás tres universidades públicas galegas novos recursos e materiais científicos

A Xunta de Galicia achegará máis de 20 M€ ás tres universidades galegas para reforzar o seu equipamento de investigación e para construír na cidade de Ferrol o novo Edificio de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3. Para iso, o Consello autorizou hoxe a sinatura dos acordos necesarios para transferir 13 M€ á Universidade da Coruña (UDC) para a construción deste novo espazo. Así mesmo, aprobou unha inxección de 7,2 M€ para achegar tanto á UDC como ás Universidades de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo) novos recursos e materiais científicos.

As achegas para o novo EI3 realizaranse tanto a través do Plan de Infraestruturas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, como de fondos europeos. En concreto, as anualidades dos anos 2025 e 2026 do Plan de Infraestruturas, que suman un total de 5.620.000 serán transferidas á UDC para que as destine á construción desta infraestrutura. A maiores, o departamento educativo da Xunta destinará outros 7,5 M€ de fondos FEDER para completar o orzamento total da obra, que ascende a 13.122.966,93 €.

O obxectivo da creación deste centro é liderar iniciativas tractoras nas áreas de especialización do Campus Industrial de Ferrol como a enxeñaría naval e *offshore*, a robótica, a xestión de procesos industriais, ou hidróxeno verde aplicado ao sector marítimo, entre outras.

Polo de innovación

O Edificio de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3 é unha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contará co equipamento especializado e necesario para crear un polo de innovación de fabricación aditiva da Industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño.

O edificio situarase no Campus Universitario de Esteiro, concibido como un espazo de referencia para o desenvolvemento da investigación científico-tecnolóxica e a innovación, favorecendo a interacción entre a universidade, as empresas e a sociedade. Así mesmo, está deseñado para funcionar como elemento vertebrador entre o campus universitario e a cidade.

O EI3 contará con espazos flexibles, modulares e multifuncionais destinados á investigación, á docencia, á transferencia de coñecemento, ao desenvolvemento de proxectos colaborativos e á prestación de servizos de apoio á innovación. Tamén estará dotado de zonas de uso común orientadas a favorecer a colaboración interdisciplinaria, a interacción entre persoal investigador, estudantes, empresas e outros axentes do ecosistema de I+D+i, e a realización de actividades de divulgación e innovación abertas á sociedade.

O deseño da infraestrutura incorpora criterios de sustentabilidade ambiental, eficiencia enerxética, accesibilidade universal, seguridade, saúde e benestar das persoas usuarias, así como solucións construtivas que garanten a flexibilidade funcional dos espazos e a súa capacidade de adaptación ás necesidades futuras da actividade investigadora e innovadora.
A previsión da UDC é licitar a obra, situada na avenida de Esteiro, no último trimestre de 2026 e rematala en 2029. Será a UDC a que se encargue de toda a tramitación da obra.

Reforzo do equipamento de investigación
Por outra parte, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios coas universidades galegas para reforzar o equipamento de investigación. En concreto, o Goberno autonómico destinará 7,2 M€ a esta liña de actuación para 2026: a Universidade de Santiago de Compostela recibirá 3 M€, a Universidade de Vigo contará con 2,3 M€ e a Universidade da Coruña con 1,8 M€.

O primeiro bloque dos convenios céntrase no reforzo dos recursos innovadores destinados aos estudos de grao e mestrado. Trátase, en concreto, da adquisición de equipamento científico e instrumentación avanzada, acondicionamento e dixitalización de espazos educativos, acceso a recursos dixitais e a conformación de plataformas de coñecemento e divulgación que lles permitan aos estudantes e docentes manterse á fronte do desenvolvemento tecnolóxico e adquirir as competencias necesarias a través dos seus estudos universitarios.

A través destes convenios, poderán acceder a licenzas de software, recursos bibliográficos, plataformas de coñecemento, así como á adquisición de equipamentos informáticos, simuladores ou material de todo tipo para os laboratorios dos estudos de grao e mestrado.

O segundo bloque dos convenios define a mellora das infraestruturas dos servizos centrais das universidades, así como a consolidación do equipamento dos centros da Rede CIGUS (Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia). Trátase de equipos de alta especialización como computadores cuánticos, lector de placas, sistemas de almacenamento, sistemas de microscopia, brazos robóticos ou impresoras 3D.

Para unha maior difusión e aproveitamento por parte das institucións e dos axentes da I+G+i interesados, a web da Rede CIGUS informa sobre o equipamento adquirido nos

últimos anos. Pode consultarse en: www.cigus.gal/infraestructuras/. O obxectivo é avanzar nunha estratexia que permita a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para a súa vertebración e posta en valor.

Esta é unha das finalidades do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, para acadar unha maior eficiencia e impacto das accións impulsadas desde a Administración para o impulso da investigación, a transferencia e a innovación en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AXUDAS PARA QUE MÁIS DE 120 ALUMNOS DE FP FAGAN PRÁCTICAS EN EMPRESAS DO ESTRANXEIRO PARA MELLORAR A SÚA CAPACITACIÓN TÉCNICA E EN IDIOMAS

— O Consello da Xunta dá luz verde a estas bolsas vencelladas ao programa Erasmus+
— A iniciativa enmárcase no programa Galemundo e na Estratexia de FP Galicia 2030

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de bolsas para que máis de 120 alumnos de Formación Profesional fagan prácticas en empresas do estranxeiro. O obxectivo é que poidan mellorar tanto a súa competencia en linguas estranxeiras como a súa capacitación técnica, o que lles permitirá acceder ao mercado laboral nunha posición máis competitiva e vantaxosa.

A iniciativa está directamente vencellada ao programa Erasmus + e, concretamente, a un dos seus consorcios de mobilidade, no cal participan un total de 80 centros educativos das catro provincias galegas. Serán os estudantes destes institutos e centros integrados de FP os que poidan beneficiarse destas axudas, sempre que participan en mobilidades ata o 31 de maio de 2027 e estean matriculados este curso nun ciclo de grao básico ou medio ou nun curso de especialización de grao medio, ou obtivesen estas titulacións neses mesmos centros durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade.

Malia a estar vencelladas ao devandito programa europeo, as estadías poden realizarse en case calquera lugar do mundo, en concreto en máis de 190 países que se relacionan na convocatoria.

O programa inclúe dúas modalidades, para estadías de curta duración (de 10 a 89 días) e de longa duración (de 90 a 365 días). As bolsas son de arredor de 5.000 € por estudante, en función do país de destino e a duración da mobilidade, e con elas búscase cubrir parte dos gastos de desprazamento e mantemento en destino dos alumnos participantes nas estadías.

Cómpre destacar que estas axudas son compatibles con outras concedidas para o mesmo fin, sempre que o importe total das subvencións recibidas non supere o custo da estadía. No curso 2025/26 beneficiáronse desta liña de axudas un total de 142 alumnos e alumnas, dos cales 119 realizaron mobilidades de curta duración e 23 de longa duración.

Internacionalización do ensino
A convocatoria enmárcase no programa Galemundo, co que a Xunta de Galicia impulsa a internacionalización do ensino, e que conta cun investimento de preto de 18 M€. A iniciativa aglutina todas as bolsas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP neste eido para facilitar que alumnos e profesores poidan viaxar a outros países e mellorar as súas competencias en idiomas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, forma parte da Estratexia de FP Galicia 2030, que ten entre os seus eixes principais a internacionalización do sistema educativo de FP a través de accións como o desenvolvemento e promoción de estadías formativas profesionais do alumnado e profesorado no exterior, o impulso de accións de colaboración con organismos da FP noutros países e o reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras na FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A PRIMEIRA ESTRATEXIA GALEGA DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL CON MÁS DE 400 M€ PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE DO SECTOR

- Salienta que o obxectivo é "que a innovación forme cada día máis parte das empresas"
- A conselleira de Economía destaca que se busca industrializar a innovación para xerar novos produtos e emprego cualificado e de calidade na comunidade
- *Galicia, fábrica de innovación* articúlase en catro eixes e 14 actuacións para incrementar as capacidades das empresas nun mercado cada vez máis global
- A colaboración entre empresas e centros tecnolóxicos facilitará que os avances científicos se convertan en solucións aplicables no tecido produtivo
- Rueda fixa como metas "incrementar nun 25 % o número de empresas innovadoras e superar os 1.500 M€ de gasto empresarial en innovación"

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe a Estratexia Galega de Innovación Empresarial, "con horizonte 2028 e dotada de máis de 400 millóns de euros". O obxectivo é apoiar ao tecido produtivo para que "a innovación forme cada día máis parte das empresas", algo fundamental para "ser máis competitivos e non quedar atrás" nun mundo cada vez máis global e tecnolóxico.

Baixo o nome *Galicia, fábrica de Innovación*, a nosa Comunidade contará por primeira vez cunha estratexia específica para a innovación, un conxunto de medidas cun marco común para coordinar e reforzar os instrumentos de apoio existentes e incorporar outros cunha prioridade: industrializar a innovación. "É dicir, facilitar que as ideas e as innovacións tecnolóxicas estean presentes na industria e desde ela cheguen ao mercado", indicou Rueda. "Queremos que o talento e coñecemento se convertan en capacidade produtiva, que a innovación remate en industrialización propia en Galicia e isto xere emprego cualificado na comunidade", engadiu a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana.

A iniciativa parte da evolución positiva da innovación empresarial galega "que levou a cabo un crecemento exponencial" nos últimos anos, segundo resaltou a conselleira. Nesta liña, o presidente lembrou que "entre 2018 e 2024 o gasto empresarial en I+D medrou un 71 %, ata alcanzar os 510,5 millóns de euros, mentres que o persoal das empresas dedicado a estas actividades aumentou un 30 %", ata as 6.285 persoas. Sobre este escenario, a Xunta busca agora ampliar o número de empresas que innovan, especialmente entre as pemes, e reforzar a aplicación do coñecemento ao tecido produtivo.

A Estratexia Galega de Innovación Empresarial estrutúrase en catro eixes (activar, potenciar, estruturar e mobilizar) que son complementarios e que inclúen un total de 14 medidas que abranguen todo o proceso de innovación: desde a incorporación de

capacidades nas empresas ata o desenvolvemento e a comercialización de solucións tecnolóxicas, a colaboración entre os axentes do ecosistema e a mobilización de investimento.

Catro eixes para levar a innovación ao mercado

Tal e como explicou a conselleira, o primeiro eixe, cunha partida de 47,4 millóns de euros, chámase *Activar a innovación nas empresas* e "busca facilitar que a innovación forme parte habitual das nosas empresas, especialmente as pemes", promovendo a incorporación de talento e capacidades especializadas a través de liñas como *Innocap Galicia*, creada para apoiar a incorporación de profesionais cualificados vinculados a proxectos de innovación e innova Mercado, dirixida a impulsar a comercialización dos produtos das startups.

O segundo eixe *Potenciar a innovación*, con 231,9 millóns de euros, desenvolverase a través de actuacións como *TIC-MAQ*, orientada ao desenvolvemento de tecnoloxías propias e maquinaria avanzada, e *Accelerator Galicia*, un novedoso instrumento que combina subvención e financiamento con participación do Igape e Xes Galicia. Tamén forma parte deste eixe a iniciativa *Industrializa a Innovación* que, cunha partida de 66,5 millóns de euros arrancará o próximo ano. Trátase dun novo programa de compra pública precomercial dirixido aos sectores estratéxicos da industria galega onde os centros tecnolóxicos actuarán como promotores de proxectos para facilitar a súa validación, industrialización e chegada ao mercado.

O terceiro eixe, *Estruturar e conectar* (9,4 M€), reforzará a colaboración entre empresas, centros tecnolóxicos e outros axentes do ecosistema. Neste ámbito destacan, entre outros, programas como *MatchINN Galicia* para conectar necesidades empresariais con solucións innovadoras e *Business Wallet Galicia*, para simplificar trámites coa Administración.

O Igape destinará un total de 113,1 millóns de euros a *Mobilizar o investimento*, o cuarto e último eixe. A súa finalidade é facilitar que os proxectos conten cos recursos para desenvolverse. Para iso, incorpora ferramentas como XesTransforma, destinada a mellorar a preparación dos proxectos tecnolóxicos para o investimento, e o Fondo Venture Studio, orientado a converter ideas innovadoras en iniciativas viables. Estas actuacións complementaranse cos instrumentos de financiamento do Igape e XesGalicia

Acompañamento personalizado

A primeira Estratexia Galega de Innovación Empresarial tamén incorpora un modelo de acompañamento máis personalizado e proactivo por parte do Igape, que permitirá adaptar os apoios á situación de cada empresa, ao seu grao de madurez innovadora e ao seu potencial de crecemento. O obxectivo é facilitar que cada compañía identifique e aproveite os recursos máis axeitados en cada fase do seu desenvolvemento e, polo tanto, favorecer a fabricación de solucións innovadoras en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta iniciativa, a Xunta busca ampliar a base empresarial innovadora e reforzar a conexión entre coñecemento, industria e mercado. Rueda resaltou que, entre os obxectivos fixados para 2028, figuran "incrementar nun 25 % o número de empresas innovadoras, superar os 1.500 millóns de euros de gasto empresarial en innovación, alcanzar máis de 4.200 persoas dedicadas" a actividades internas de innovación nas empresas e superar os 2.700 beneficiarios dos instrumentos públicos de apoio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 10,6 M€ DA CONSTRUCIÓN DE 58 VIVENDAS PÚBLICAS NOS ROSALES, NO CONCELLO DA CORUÑA

- Nos vindeiros días licitarase a execución da obra destes novos fogares na cidade
- O inmoble disporá de 29 vivendas de dous dormitorios; 22, de tres, e sete vivendas de 4 dormitorios; así como os seus respectivos garaxes e rochos
- A Xunta mantén a colaboración co Concello da Coruña, un dos 18 que colaborou coa Administración autonómica a través da cesión deste solo municipal
- Na cidade da Coruña están a desenvolverse un total de 1.048 vivendas

O Consello da Xunta autorizou a próxima licitación do contrato de execución das obras de construción de 58 novas vivendas de promoción pública, garaxes e rochos, na cidade da Coruña, que se construirán na parcela localizada na parcela 5D nos Rosales, cedida polo Concello.

O orzamento total da Xunta nesta nova promoción pública supera os 11 M€, no cal se inclúe o importe da licitación do contrato desta nova obra, por 10.638.892,43€ euros, e aos cales se engaden os máis de 472.000 euros da licitación da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra.

O proxecto foi redactado pola UTE Naos 04 Arquitectos SLP + Manuel Vázquez Muiño.

A edificación proxectada ten unha superficie construída total de 8.951,40 m^2, dos cales 6.792,90 m^2 están sobre rasante.

Este inmoble disporá de 29 vivendas de dous dormitorios; 22, de tres, e sete vivendas de 4 dormitorios, para acadar este total de 58 novos fogares con espazos comúns, rochos e dúas plantas de garaxe.

Así, o edificio proxectado contará cunha planta de soto destinada a garaxes e locais de instalacións, planta baixa de acceso ás vivendas, sete plantas destinadas á vivenda, máis a planta baixo cuberta, que albergará os rochos.

Cómpre destacar que na planta baixa do edificio óptase por unha organización ao redor de 4 portais como núcleos de comunicacións, cada un cun ascensor e unha escaleira, logrando que todas as vivendas dispoñan de dobre orientación. Así, cada núcleo conta cos seus locais diferenciados de instalacións para as acometidas de auga, electricidade e comunicacións, así como cuarto de limpeza e reserva para residuos.

Ademais, proponse dar aos soportais e á planta baixa unha estética diferenciada do resto do edificio, creando un zócalo que o percorre e lle dá a súa imaxe característica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta mantén a colaboración coas administracións como A Coruña, un dos 18 concellos que cedeu solo de balde para o desenvolvemento de vivenda pública.

Con esta promoción o Goberno galego continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque público de vivenda ao remate de 2028. Na cidade da Coruña a Xunta está desenvolver un total de 1.048 vivendas, incluídas as do programa Rexurbe.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A TELEDERMATOLOXÍA A TRAVÉS DA NOVA APLICACIÓN *SERGAS PROF*, DESTINADA A FACILITAR O TRABALLO DOS PROFESIONAIS SANITARIOS

- A plataforma permitirá aos profesionais de atención primaria captar imaxes dermatolóxicas desde o móbil e incorporalas directamente á historia clínica dos pacientes
- A solución está preparada para incorporar intelixencia artificial, tanto para apoiar a calidade da captura das imaxes como, progresivamente, algoritmos de axuda ao diagnóstico
- Desenvolveranse proxectos piloto para a súa posta en marcha nos centros de saúde Virxe Peregrina de Pontevedra; Sárdoma, de Vigo, e de Vite, en Santiago de Compostela
- O desenvolvemento realizado supón un investimento de 207.599 euros, financiados con fondos europeos
- A dermatoloxía será o primeiro campo de uso desta aplicación ao servizo dos profesionais sanitarios, que poderá empregarse tanto nos centros asistenciais como no domicilio do paciente

A Xunta de Galicia impulsa a teledermatoloxía a través da nova aplicación *SERGAS PROF*, destinada a facilitar o traballo dos profesionais sanitarios.

O Executivo autonómico, a través do Servizo Galego de Saúde, vai poñer en marcha esta nova plataforma móbil corporativa deseñada para achegar novas ferramentas dixitais aos profesionais sanitarios no propio lugar en que prestan asistencia, tanto nos centros sanitarios como no domicilio do paciente.

O desenvolvemento realizado supón un investimento de 207.599 euros, no marco da Atención Dixital Personalizada e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

A teledermatoloxía será o primeiro servizo da plataforma, o que permitirá aos profesionais de atención primaria captar imaxes dermatolóxicas mediante un dispositivo móbil e completar desde o mesmo dispositivo o proceso de identificación, envío, transformación e almacenamento das imaxes nos sistemas corporativos do Servizo Galego de Saúde.

Deste xeito, as imaxes quedarán vinculadas ao paciente e integradas no ecosistema dixital do Servizo Galego de Saúde, permitindo a súa posterior consulta polos profesionais dos servizos de dermatoloxía a través da historia clínica electrónica.

A nova solución busca así reforzar as capacidades da atención primaria e facilitar a coordinación entre este nivel asistencial e os servizos de dermatoloxía dos hospitais, ademais de facilitar a dispoñibilidade e seguimento da información clínica.

Intelixencia artificial desde o momento de capturar a imaxe
Un dos elementos diferenciais de *SERGAS PROF* é a súa preparación para a incorporación progresiva da intelixencia artificial. A aplicación recolle a posibilidade de empregar IA para comprobar a calidade da imaxe no propio momento da captura, apoiando o profesional na obtención dunha fotografía adecuada.

Ademais, as imaxes almacenaranse en estándar DICOM (estándar internacional oficial para o manexo, almacenamento, impresión e transmisión de imaxes médicas e datos relacionados) favorecendo a súa interoperabilidade e preparando a plataforma para a futura incorporación de algoritmos de intelixencia artificial de apoio ao diagnóstico compatibles con este estándar.

A iniciativa supón tamén unha evolución respecto do actual proceso de teledermatoloxía, no cal se viñan empregando cámaras dixitais incorporadas hai anos e actualmente obsoletas, que non permiten a integración da imaxe na rede corporativa con calidade. A nova solución concentra, pois, nun dispositivo móbil, a captura das imaxes, o rexistro dos datos do estudo e a integración da información no proceso asistencial.

Pilotaxe en tres áreas sanitarias e novos servizos
A implantación de *SERGAS PROF* realizarase de maneira progresiva. O primeiro proxecto piloto está previsto para este mes de outubro no centro de saúde Virxe Peregrina, na área sanitaria de Pontevedra. En novembro a previsión é incorporar o centro de saúde de Sárdoma, na área sanitaria de Vigo, e o centro de saúde de Vite, na área sanitaria de Santiago de Compostela.

Durante os meses de outubro a decembro desenvolverase unha fase de acompañamento aos profesionais, seguimento do uso, identificación de melloras e resolución de incidencias. En decembro avaliaranse os resultados e a experiencia dos profesionais, e entre xaneiro e marzo de 2027 está previsto a extensión da funcionalidade.

SERGAS PROF concíbese como unha plataforma móbil con capacidade para incorporar progresivamente novos servizos e funcionalidades, máis alá da súa primeira aplicación no ámbito da teledermatoloxía. A iniciativa busca favorecer a telemedicina e a mobilidade profesional mediante dispositivos de uso sinxelo e tamaño reducido.

Esta iniciativa da Xunta forma parte do Plan de transformación e saúde dixital da Consellería de Sanidade, especialmente nas liñas relacionadas coa comunicación entre profesionais, a telemedicina e a incorporación de tecnoloxías emerxentes como a intelixencia artificial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADIANTARÁ CINCO ANOS A IDADE DO CRIBADO DE CANCRO DE MAMA QUE IRÁ DIRIXIDO A TODAS AS MULLERES DE 45 A 74 ANOS

- Rueda sinala que a ampliación será de forma graduada para ir incorporando progresivamente ás galegas de 45 a 49 anos
- Esta medida permitirá acadar en 2031 a cobertura do 100 % das mulleres deste rango de idade, alo menos dous anos antes do que será exixido para o conxunto do Sistema nacional de saúde
- Esta decisión tómase tres anos despois de que Galicia fose pioneira ao ampliar este programa de detección precoz ás mulleres de 70 a 74 anos
- A taxa de detección nesta franxa de idade sitúase en 7,92 casos por cada 1.000 mulleres exploradas, moi superior á obtida nos grupos inmediatamente inferiores
- Das 3.759.517 exploracións realizadas desde 1992, o 96,75 % tiveron un resultado de normalidade e o resto foi derivado para unha valoración clínica adicional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai "adiantar 5 anos a idade para someterse ao cribado de cancro de mama, é dicir, poderán participar todas as mulleres de 45 a 74 anos". Unha decisión que toma logo de constatar a eficacia de incluír na poboación diana as mulleres de entre 70 e 74 anos, unha medidas na que Galicia foi pioneira no 2023.

O Consello da Xunta tomou razón, na súa reunión semanal, do acordo de ampliación do cribado do cancro de mama, que prevé a súa ampliación graduada para incluír as mulleres de entre 45 e 49 anos. A dita inclusión levarase a cabo, como indicou Rueda, de maneira graduada, é dicir, serán invitadas por primeira vez todas as mulleres da poboación diana que cumpran 45 ou 50 anos de idade a partir do inicio da ampliación.

Concretamente, ao longo do ano 2027 serán invitadas por primeira vez a participar no cribado as persoas usuarias nadas nos anos 1982 e 1977; ao longo do ano 2028 as nadas en 1983 e 1978; no 2029 as nadas en 1984 e 1979; no ano 2030 as nadas en 1985 e 1980, e ao longo de 2031 as nadas nos anos 1986 e 1981. A partir dese momento só se incorporarán por primeira vez as persoas usuarias que cumpran 45 anos.

Deste xeito, tal e como explicou o presidente, "o 100% das galegas de entre 45 e 50 xa poderán ter participado no cribado no 2031" e, a partir de aí, serán chamadas por primeira vez ao cumprir os 45.

A medida foi aprobada na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial, pero aínda está en trámite a norma que modificará a carteira de servizos do Sistema nacional de saúde para incorporar, tanto a ampliación ata os 74 anos -que Galicia xa incorporou no ano 2023-, como a ampliación para da cohorte de 45-49 anos. A proposta aprobada

establece un prazo de 3 anos desde a publicación da norma para acometer os cambios precisos e 6 anos para acadar a cobertura do 100 % deses grupos de idade.

A iniciativa da Consellería de Sanidade permitirá acadar xa en 2031 a cobertura do 100 % das mulleres deste rango de idade, polo menos dous anos antes do que será exixido para o conxunto do Sistema nacional de saúde.

A medida permitirá, ademais, consolidar a posición de vangarda de Galicia en materia de cribados poboacionais de cancro e reforza un programa de éxito xa ampliado nos últimos anos.

Ampliación ata os 74 anos que demostrou a súa efectividade
Así, a decisión adoptada de xeito pioneiro pola Xunta en setembro de 2023 de ampliar a idade da poboación diana que pode participar no programa de detección precoz do cancro de mama ata os 74 anos está a demostrar a súa efectividade tras a detección de 507 cancros, permitindo obter un maior rendemento do programa en termos de saúde para este grupo de idade.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública avaliado hoxe sinala que na rolda de cribado realizada no período 2023-2024 as mulleres exploradas no grupo de 70 a 74 anos foron 64.021, o que significa que a taxa de detección da enfermidade se sitúa en 7,92 por cada 1.000 mulleres exploradas, porcentaxe moi superior á obtida nos grupos de idade inmediatamente inferiores.

O Programa, que se puxo en marcha no ano 1992 con idades comprendidas entre 50 e 64 anos, ampliouse no ano 2005 ata os 69 anos e, na actualidade, abrangue ás mulleres comprendidas entre os 50 a 74 anos. Na última rolda de cribado, a poboación diana superou as 502.000 mulleres.

Desde o seu inicio, e ata o 31 de decembro de 2025, o programa realizou 4.687.662 invitacións e 3.759.517 exploracións, das que 733.225 corresponderon a mulleres que acudían en primeira rolda á unidade de exploración mamográfica e 3.026.292 a exploracións feitas a mulleres que acudían en roldas sucesivas. En concreto, no pasado ano, fixéronse 247.815 invitacións e 206.242 exploracións.

A participación global no programa foi do 80,20 %. Esta participación chegou ao 83,22 % no pasado ano, cando as guías europeas sitúan o aceptable por riba do 70 % e o desexable por riba do 75 %. Desde o ano 2001 participan o 75 % ou máis das mulleres invitadas.

Así mesmo, en roldas de exploración sucesivas os dous últimos anos acádase unha participación do 91,7 % no 2024 e do 91,53 % no 2025, o que indica unha elevada adherencia das mulleres ao programa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Das 3.759.517 exploracións realizadas desde o ano 1992, o 96,75 % tiveron un resultado de normalidade e o resto foi derivado para unha valoración clínica adicional. No que se refire ao ano 2025, o 96,33 % tiveron resultado de normalidade e o 3,56 % foron derivadas para unha valoración clínica adicional.

No período 1992-2024 (o 2025 aínda é provisional), o número de cancros detectados foi de 14.074, o que representa unha taxa de detección global de 3,96 por cada 1.000 mulleres exploradas. Cómpre sinalar que para preto do 80 % das mulleres con mamografía positiva, o tempo entre a realización da mamografía e a data da cita hospitalaria foi de 30 días ou menos.

Ademais, o tempo de resposta entre a exploración e a gravación da lectura situouse por debaixo dos 10 días establecidos como obxectivo en preto do 100 % desde o ano 2006.

As mulleres participantes no programa diagnosticadas de cancro de mama presentaron máis supervivencia relativa que as mulleres do mesmo grupo de idade diagnosticadas á marxe del (96,6 % fronte ao 83,1 % aos cinco anos de seguimento). Este dato é atribuíble, en gran parte, ao diagnóstico de tumores en fases moi precoces grazas ao programa da Xunta.

Grazas ao programa, os datos reflicten tamén unha redución drástica da mortalidade que se cifra en 910 mortes evitadas no grupo de 50 a 69 anos entre 1992 e 2012, período no que se levou a cabo o estudo de impacto.

No período 2000-2024, as mastectomías reducíronse a só un 15,02 % nas mulleres diagnosticadas de cancro, amosando unha tendencia á baixa grazas ao diagnóstico precoz e ao avance das técnicas de cirurxía conservadora da mama.

Estrutura do programa

Para atender ás máis de medio millón de mulleres da poboación diana, o Programa galego está estruturado en tres niveis asistenciais coordinados e integrados coa historia clínica electrónica. Deste xeito, conta con 24 unidades de exploración mamográfica, que son os centros onde se realizan as mamografías. Tamén conta con tres unidades de avaliación radiolóxica, coordinadas desde A Coruña, Lugo e Pontevedra, e con máis de 20 radiólogos que realizan unha dobre lectura independente de cada estudo.

Engadido ao anterior, o programa ten 14 unidades de diagnóstico e tratamento integradas nos hospitais do Sergas ás que son derivadas ás mulleres para valoración clínica adicional no caso dunha mamografía positiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZARÁ 10,2 M€ EN BOLSAS PARA APOIAR A ASISTENCIA DAS PERSOAS DESEMPREGADAS Á OFERTA DE CURSOS AUTONÓMICOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

- O Consello autorizou hoxe a convocatoria 2026/2027 destas axudas, destinadas a sufragar gastos de desprazamento, manutención, aloxamento e conciliación para favorecer a participación nas accións formativas impulsadas polo Goberno galego
- As axudas destínanse a persoas desempregadas que participen nas convocatorias de accións formativas ao abeiro do Sistema de formación profesional dos graos A, B ou C, ou do Catálogo de especialidades do SEPE
- As bolsas inclúen apoios específicos para alumnado con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, con familiares a cargo e integrantes de familias numerosas ou monoparentais para favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á formación

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas para facilitar a participación de persoas desempregadas nos cursos de formación para o emprego que impulsa o Goberno galego. A iniciativa contará cun investimento de 10,2 M€ na edición 2026/2027, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, para apoiar os gastos de desprazamento, manutención, aloxamento ou conciliación e favorecer que máis persoas poidan acceder á formación que precisan para mellorar as súas opcións laborais e incorporarse con éxito ao mercado de traballo.

Ademais, dentro das persoas beneficiarias da orde sitúanse tamén os colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego, entre eles, persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero ou con familiares ao seu cargo, así como integrantes de familias numerosas ou monoparentais.

Deste xeito, a Xunta favorece a igualdade de oportunidades no acceso á formación e incentiva a participación daquelas persoas que poden afrontar maiores dificultades para compatibilizala debido ás súas circunstancias persoais ou familiares.

As axudas permiten cubrir os gastos derivados da participación nun amplo abano de accións formativas, todas elas encadradas no Sistema de formación profesional dos graos A, B ou C ou na formación no traballo incluída no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Entre elas figuran os cursos dos centros propios da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e das entidades e centros que imparten formación para persoas desempregadas impulsada pola Xunta, así como as accións desenvolvidas nas unidades formativas das empresas ao abeiro da orde Galicia Suma Talento: Plan de Formación Empresas, dotada con 8,5 M€ para as anualidades 2026-2027.

Detalles da convocatoria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na liña de convocatorias anteriores, a Xunta concederá achegas directas de 9 euros por día de clase ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como ás persoas integrantes de familias numerosas ou monoparentais. No caso das vítimas de violencia de xénero que participen nas accións formativas, a contía será de 10 euros diarios.

O Goberno galego recolle tamén apoios á conciliación para persoas que teñan ao seu coidado fillas ou fillos, menores de 12 anos en acollemento e/ou familiares con dependencia ata o segundo grao. Neste caso, a axuda equivalerá ao 75 % do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) diario vixente, co fin de facilitar a asistencia ás actividades formativas.

A convocatoria inclúe, ademais, axudas para o transporte en vehículo propio (ata 25 euros diarios) ou público urbano e interurbano (1,5 euros ao día); para a manutención (12 euros diarios) cando o domicilio estea a máis de 20 quilómetros, e para aloxamento e manutención, cun máximo de 80 euros diarios, cando a distancia sexa de 100 quilómetros ou máis ou non exista transporte que permita o desprazamento diario.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes desde a incorporación á acción formativa ou desde que se produza o feito causante da axuda. Poderán acollerse á convocatoria as accións formativas iniciadas entre o 1 de novembro de 2026 e o 31 de outubro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O IGAFA E O IPMPA DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR SEGUIRÁN SENDO CENTROS DE REFERENCIA NACIONAL ATA 2028

- O Consello tomou razón da sinatura da prórroga do convenio entre a Xunta e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes que establece o Plan de actuación plurianual de ambos os centros
- A addenda prolonga os obxectivos relacionados coa innovación, a experimentación e a adaptación da formación profesional ás necesidades do sector marítimo-pesqueiro

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da sinatura da prórroga do convenio entre a Xunta e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes que prolonga ata o 31 de decembro de 2028 o Plan de actuación plurianual 2023-2026 dos centros de referencia nacional de Pesca e Navegación e de Acuicultura e Mergullo, que fora asinado o 9 de setembro de 2024. Trátase do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa), na Illa de Arousa, e do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo (Ipmpa), ambos dependentes da Consellería do Mar. A addenda prolonga tamén os obxectivos recollidos no plan para dar continuidade á colaboración entre ambas as administracións.

Os centros de referencia nacional son centros públicos que realizan accións de innovación e experimentación no ámbito da formación profesional. Entre as súas funcións figuran a identificación das necesidades dos sectores produtivos, a colaboración con empresas e entidades e a elaboración de propostas para adaptar as ensinanzas á evolución das actividades profesionais. O Igafa desenvolve este labor na área de acuicultura e mergullo, mentres que o Ipmpa faino nas de pesca e navegación.

No caso do Igafa, o plan de traballo de 2026 recolle a incorporación de ferramentas de realidade virtual á formación en acuicultura e mergullo, a revisión das cualificacións profesionais e un estudo comparativo da normativa autonómica sobre mergullo profesional. Tamén inclúe formación para docentes sobre normativa e operativa marítima nas operacións de mergullo e sobre barotrauma.

Pola súa banda, o plan do Ipmpa para este ano recolle unha xornada sobre prevención de riscos laborais en colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, encontros sobre a adecuación da formación náutico-pesqueira ás exixencias profesionais e unha mesa redonda sobre a remuda xeracional. Así mesmo, prevé actividades relacionadas coa pesca sustentable e a loita contra a pesca ilegal, ademais de formación para instrutores e avaliadores no uso de simuladores marítimos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións forman parte das funcións dos dous institutos como centros de referencia nacional e desenvólvense de maneira adicional á súa actividade ordinaria como centros de formación marítimo-pesqueira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE GALICIA DÁ O PRIMEIRO PASO FORMAL PARA CREAR A OITAVA RESERVA DA BIOSFERA DA COMUNIDADE, ENTRE OS CABOS FISTERRA E SILLEIRO

- O Consello foi informado de que esta semana a candidatura se someterá a un proceso de consulta pública co fin de recompilar posibles achegas e enriquecer a proposta antes de remitila para iniciar a súa tramitación oficial ante a Unesco
- Salienta que contaría cunha superficie de case 146.000 hectáreas, o 85% no medio mariño, que abranguen "34 concellos das provincias da Coruña e Pontevedra", o que a convertería "nunha das maiores reservas da biosfera mariñas de España"
- A proposta aspira a integrar algúns dos ecosistemas máis valiosos da fachada atlántica europea, que inclúen 27 espazos con protección ambiental, 42 hábitats de interese comunitario e 234 taxóns protexidos
- O obxectivo é conseguir a oitava reserva da biosfera para Galicia e consolidar así a súa posición entre as comunidades con maior presenza na Rede española e mundial de Reservas da Biosfera

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou que o Consello deu hoxe o primeiro paso para "crear a oitava reserva da biosfera de Galicia, que estará entre os cabos Fisterra e Silleiro". "Trataríase dunha das maiores reservas da biosfera mariñas de España", indicou e resaltou que se trata dun espazo cunha superficie de "case 146.000 hectáreas, das que o 85% corresponden ao medio mariño".

Segundo foi informado hoxe o Consello, esta mesma semana abrirase un proceso de participación pública para que as persoas e entidades interesadas poidan coñecer o documento en que se baseará a candidatura. Unha vez analizadas e incorporadas as posibles achegas, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa poderá remitir a proposta ao Goberno de España para iniciar a súa tramitación ante a Unesco.

A principal singularidade da futura reserva é o seu marcado carácter mariño e costeiro, xa que o seu ámbito territorial abrangue augas marítimas interiores e unha rede de espazos insulares, costeiros e terrestres ligados ecoloxicamente entre si, cun total de 123.916 hectáreas mariñas e 21.862 hectáreas terrestres. Neste sentido, a candidatura transcende a suma individual destes espazos e propón unha xestión conxunta e coordinada dun amplo sistema ecolóxico en que o mar, as illas, as rías e o litoral están directamente relacionados e constitúen así un dos ecosistemas máis valiosos e representativos da fachada atlántica europea.

Entre os espazos naturais máis destacados incluídos dentro do seu territorio figuran, segundo indicou o presidente, "verdadeiros símbolos do noso territorio" como o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a Costa da Morte, Carnota-Monte Pindo, monte e lagoa de Louro e as rías de Muros e Noia, de Arousa, de Pontevedra e de Vigo; así como sistemas dunares, humidais, lagoas costeiras e outros

ecosistemas de elevado valor ambiental. Así, estaríamos ante un dos principais proxectos de conservación do litoral atlántico europeo.

A área de influencia socioeconómica da candidatura abrangue "34 concellos da Coruña e Pontevedra", destacou Rueda. En concreto, Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia, O Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, na Coruña; e Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas de Morrazo, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán e Baiona, en Pontevedra.

Unha mostra da biodiversidade e da riqueza natural que caracterizan estas zonas, tal e como explicou o presidente, é que dentro do ámbito da reserva hai 27 espazos protexidos, 42 hábitats de interese comunitario, 234 taxóns protexidos e decenas de especies de fauna e flora que, en conxunto, converten esta iniciativa ambiental nunha das máis relevantes promovidas en Galicia nas últimas décadas.

Así mesmo, outra das singularidades do proxecto, tal e como apuntou Alfonso Rueda, é que "demostra que é posible o equilibrio entre a protección do medio e o mantemento da actividade económica arraigada ao territorio, como a acuicultura, o marisqueo ou o turismo sostible".. Esta filosofía, coa que Galicia foi construíndo historicamente esa relación arredor do mar, encaixa á perfección cos principios do programa Home e Biosfera da Unesco.

Traballo previo e participado

O presidente da Xunta explicou que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático empezou a traballar en 2024 coa idea de impulsar a oitava reserva da biosfera de Galicia e para iso "contou coa opinión e a participación das tres universidades galegas, o CSIC e outros centros tecnolóxicos e de investigación, polo que estamos a falar dunha proposta sólida con moitos datos obxectivos". Deste xeito, o traballo técnico previo conclúe agora nun documento que inclúe unha delimitación territorial definitiva, unha zonificación, un modelo de xestión e un plan estratéxico.

A isto súmanse as 44 cartas de apoio á candidatura recompiladas ata o momento, entre elas, as recibidas por parte de 23 concellos da área de influencia do ámbito proposto; das deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra; das tres universidades; do padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia; das sete reservas da biosfera xa declaradas, e doutras entidades, asociacións e organismos públicos relacionados co sector pesqueiro e marisqueiro.

Se a candidatura prospera e finalmente resulta aprobada pola Unesco, sumaríase ás sete reservas da biosfera xa declaradas en Galicia –río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Ancares lucenses; Terras do Miño; Mariñas coruñesas e terras do Mandeo; Allariz; Gêres-Xurés, e Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel– e consolidaríase a súa posición entre as comunidades autónomas con maior presenza na Rede española e mundial de Reservas da Biosfera.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA INFORMACIÓN PÚBLICA PARA EXECUTAR UNHA NOVA SENDA NA AC-960 ENTRE SERGUDE E RODIÑO GRANDE, EN BOQUEIXÓN, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- Trátase de construír un itinerario de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á AC-960, pola súa marxe dereita, ao longo de algo máis de 1,3 km de lonxitude entre estes dous núcleos de poboación, comunicando as beirarrúas actualmente existentes nos extremos
- O itinerario iníciase baixo o viaduto do ferrocarril, onde finalizan as beirarrúas do núcleo rural de Sergude, salvando no quilómetro 4+190 o río Saramo, ata alcanzar a senda de Rodiño Grande
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este mesmo mes de outubro a información pública o proxecto, co obxectivo de licitar e adxudicar as obras no vindeiro ano

O Consello da Xunta acordou hoxe á aprobación provisional, para avanzar na próxima información pública, do proxecto de construción dunha senda de uso compartido peonil-ciclista na estrada AC-960, no treito comprendido entre os núcleos de Sergude e Rodiño Grande, no concello de Boqueixón.

Esta intervención de mellora da mobilidade e da seguridade viaria, que suporá un investimento estimado de máis de 1M€, permitirá a implantación dun itinerario peonil e ciclista de uso seguro en paralelo á AC-960, pola súa marxe dereita, ao longo de algo máis de 1,3 km de lonxitude, entre os puntos quilométricos 3+120 e 4+480.

A senda proxéctase adxacente á AC-960 e mantendo o mesmo trazado que a vía autonómica, executándose a partir da ampliación da plataforma existente, de xeito que contará cun ancho de 3,4 metros, cando dispoña de franxa de xardín de 0,9 metros, e de 2,5 m cando non ten zona axardinada. A beiravía terá un ancho mínimo de 0,50 m, respectándose o ancho existente cando este é maior.

A senda que se vai executar nesta estrada autonómica posibilitará así o enlace a pé ou en bicicleta con seguridade entre os núcleos de Sergude e o de Rodiño Grande, comunicando as beirarrúas actualmente existentes nos extremos.

Segundo o proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, a senda iníciase baixo o viaduto do ferrocarril, onde finalizan as beirarrúas do núcleo rural de Sergude. Ao longo do percorrido, o lateral da estrada caracterízase pola presenza de diversas parcelas, algunhas con cultivos e pradarías, e outras con plantacións de árbores; tamén se intercalan algunhas vivendas unifamiliares.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No punto quilométrico 4+190 sálvase o río Saramo mediante un marco de dimensións aproximadas 2,5x3 metros. Unha vez superado o río, o percorrido prolóngase ata alcanzar a senda existente en Rodiño Grande.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este mesmo mes de outubro este proxecto a información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, por un período de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio.

Unha vez resolta a información pública, procederase a aprobación definitiva do proxecto de construción co obxectivo de licitar e posteriormente adxudicar as obras no vindeiro ano. O prazo de execución das obras é de 10 meses.

As actuacións recollidas neste proxecto financiaranse con cargo a fondos do programa operativo Feder 21/27.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA ESTRATEXIA DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS CO FOCO NOS RISCOS DIXITAIS E NOS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES

- O Consello da Xunta analizou un informe sobre a Estratexia Galega de Protección das Persoas Consumidoras e Usuarias 2026-2030, con 21 medidas para responder a novos retos como a dixitalización, a intelixencia artificial ou a transición ecolóxica
- A folla de ruta inclúe actuacións como a creación dunha Xanela +65 para facilitar a atención ás persoas maiores e para protexer os menores fronte á publicidade encuberta, compras dentro dos videoxogos e outros riscos dixitais
- Tamén se intensificará a vixilancia dos produtos vendidos por internet, a protección fronte a prácticas comerciais enganosas e o control da seguridade e trazabilidade dos produtos, especialmente dos procedentes de terceiros países
- O plan promoverá así mesmo o consumo responsable e de proximidade e a economía circular, con iniciativas para combater a publicidade ambiental enganosa e fomentar a reparación e a prolongación da vida útil dos bens
- A Estratexia guiará o labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), que conta cun orzamento anual que rolda os 8 M€, e reforzará a actividade de organismos dependentes como a Escola e o Laboratorio Galego de Consumo

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a Estratexia Galega de Protección das Persoas Consumidoras e Usuarias 2026-2030, a folla de ruta autonómica para reforzar a defensa dos dereitos da cidadanía ante os novos desafíos do mercado. O documento recolle 21 medidas para adaptar as políticas públicas de consumo aos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos dos vindeiros anos, con especial atención aos colectivos máis vulnerables e aos retos que presentan a dixitalización, a intelixencia artificial e a transición ecolóxica.

Froito dun proceso de participación activa cos principais axentes do ecosistema galego do consumo, a Estratexia articúlase en tres grandes eixes: a protección e a equidade no mercado dixital, o consumo sostible e responsable, e a mellora da xestión, da formación e da información. Entre as principais novidades figuran a creación dunha Xanela +65 para facilitar a atención ás persoas maiores e a resolución dos seus conflitos de consumo, o reforzo da protección dos menores fronte aos riscos dixitais, a axilización da tramitación das reclamacións e o fortalecemento da seguridade e da trazabilidade dos produtos —especialmente dos procedentes de terceiros países—, destacando o traballo do Laboratorio Galego de Consumo.

Deste xeito, a planificación —en cuxa elaboración se tomaron como referencia a Axenda 2030 das Nacións Unidas, a Axenda do Consumidor 2030 da Comisión Europea e o vixente Plan Estratéxico do Comercio de Galicia— guiará o labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), organismo autonómico con máis de tres décadas de traxectoria e que conta cun orzamento anual que rolda os 8 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis protección no mercado dixital
O primeiro bloque estratéxico reforza a protección fronte ás fraudes e ás prácticas comerciais enganosas en internet. Ademais das medidas para protexer os menores fronte á publicidade encuberta, ás compras dentro dos videoxogos e a outros riscos dixitais, e da posta en marcha da mencionada Xanela +65, a Estratexia prevé tamén programas de acompañamento dixital para persoas maiores e materiais adaptados que lles faciliten un uso seguro da rede.

O IGCC celebrará tamén foros semestrais con asociacións de persoas consumidoras, entidades sociais e persoas expertas para identificar novos riscos e incorporar solucións á planificación das súas actuacións. Así mesmo, explorará o uso da intelixencia artificial para mellorar a accesibilidade e a atención á cidadanía, incluída a viabilidade dun asistente virtual, e intensificará a inspección das prácticas comerciais no ámbito dixital.

Consumo responsable e apoio á proximidade
A Estratexia promoverá hábitos de compra máis conscientes e sostibles mediante foros de consumo responsable, campañas de sensibilización e iniciativas que favorezan a conexión entre produtores e consumidores. Tamén prevé combater o chamado *greenwashing* e outras prácticas que presentan de forma enganosa as características ambientais ou sociais de produtos e empresas. A aposta pola reutilización, a reparación e a prolongación da vida útil dos bens vincula a protección das persoas consumidoras co aforro de recursos e co apoio ao tecido comercial e produtivo galego.

Máis formación, atención e cooperación
Finalmente, cómpre destacar que a Estratexia facilitará o acceso á información mediante un repositorio dixital de normativa e xurisprudencia en materia de consumo. Tamén permitirá axilizar a xestión das reclamacións mediante ferramentas dixitais e potenciará a mediación e a arbitraxe como vías para resolver conflitos sen acudir aos tribunais. Ademais, reforzará a colaboración coas Oficinas Municipais de Información ás Persoas Consumidoras (OMIC), os concellos e as asociacións de persoas consumidoras.

As medidas inclúen ademais un itinerario formativo estruturado a través da Escola Galega de Consumo e accións de educación financeira, vivenda, intelixencia artificial e protección de datos. Prevense tamén un servizo de asesoramento para que as persoas maiores poidan comprar en liña con seguridade, obradoiros de voluntariado dixital interxeracional, espazos de participación cidadá e iniciativas para garantir os dereitos lingüísticos das persoas consumidoras en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PAGARÁ ESTA MESMA SEMANA MÁIS DE 46 M€ CORRESPONDENTES AO ANTICIPO DA PAC

- O Consello do Goberno galego avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre estes pagamentos, que beneficiarán arredor de 12.000 persoas agricultoras e gandeiras
- O obxectivo do anticipo é proporcionar un fluxo de efectivo para axudar os agricultores a facer fronte aos seus gastos operativos durante o ciclo agrícola
- En comparación cos anos anteriores, os 46 millóns que se van anticipar nesta campaña da PAC superan os 44 pagados en outubro de 2025 e os 43 aboados no mesmo mes de 2024
- O resto dos pagamentos directos da campaña 2026 da PAC terán que ser aboados obrigatoriamente a partir do día 1 de decembro, de maneira que o prazo final de pagamento sexa, como máis tarde, o 30 de xuño de 2027

A Xunta de Galicia pagará esta mesma semana, entre os días 21 e o 23, máis de 46 millóns de euros en concepto de anticipo da PAC. Deste pagamento vanse beneficiar un total 12.172 persoas agricultoras e gandeiras da nosa comunidade. Destes fondos, aproximadamente 10,7 corresponden a vacún de carne e 35,5 a vacún de leite.

O resto dos pagamentos directos da campaña 2026 da PAC terán que ser aboados obrigatoriamente a partir do día 1 de decembro, de maneira que o prazo final de pagamento sexa, como máis tarde, o 30 de xuño de 2027.

O obxectivo do anticipo é proporcionar un fluxo de efectivo para axudar os agricultores a facer fronte aos seus gastos operativos durante o ciclo agrícola.

De maneira xeral, as comunidades autónomas poden realizar un pagamento anticipado entre o 16 de outubro e o 30 de novembro, que abrangue unha parte das axudas que os beneficiarios recibirán posteriormente durante a campaña. Porén, en 2026 a Comisión Europea autorizou que os pagamentos se puidesen facer antes do 16 de outubro, para compensar as dificultades de liquidez do sector agrario. Con todo, só tres comunidades autónomas realizaron este pagamento na última semana de setembro. O resto de autonomías, entre elas Galicia, decidiron non adiantar o pagamento polas complicacións contables que implicaría este adianto.

En comparación cos anos anteriores, os 46 millóns que se van anticipar nesta campaña da PAC superan os 44 pagados en outubro de 2025 e os 43 aboados no mesmo mes de 2024.

Postura común

Precisamente, en relación coa PAC, a Xunta e as organizacións agrarias galegas acadaron recentemente un acordo para defender unha postura común neste ámbito, co obxectivo de garantir un orzamento suficiente que manteña, cando menos, a dotación actual, así como a continuidade das intervencións de desenvolvemento rural. Tamén se

acordou traballar conxuntamente no deseño das axudas agroambientais de Galicia para o novo período da PAC, co fin de atender as necesidades das explotacións galegas.

A importancia da PAC para o agro galego
A política agraria común (PAC) é unha política común de todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. A súa base xurídica recóllese no propio Tratado de funcionamento da UE e desde o punto de vista orzamentario constitúe a principal política da Unión.

A PAC ofrece un forte apoio a agricultores e agricultoras tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, favorece a estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario. Desta maneira, o apoio da PAC fomenta o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto. Ademais, define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e da sociedade en xeral.

Entre estes beneficios están a subministración de alimentos acorde ás exixencias da consumidores; a conservación do ambiente e loita contra o cambio climático; a fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural, e a xeración directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

As axudas da PAC financianse con cargo aos fondos europeos agrarios, FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e Feader (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural).